

# **DECLARACIÓN DOS DEREITOS DO MENIÑO E DA MENIÑA.**

Proclamada pola Asemblea Xeral Das Nacións Unidas na súa resolución 1386 (XIV) de 20 de novembro do 1959

## **PREÁMBULO**

Considerando que os pobos das Nacións Unidas teñen reafirmado na Carta (das Nacións Unidas) a súa fe nos dereitos fundamentais do ser humano e na dignidade e o valor da persoa humana, e a súa determinación de promoveren o progreso social e elevaren o nivel de vida dentro dun concepto máis amplo de liberdade,

Considerando que as Nacións Unidas teñen proclamado na Declaración Universal de Dereitos Humanos que toda persoa ten todos os dereitos e liberdades enunciados nela, sen distinción algunha de raza, cor, sexo, idioma, opinión política ou de calquer outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquer outra condición,

Considerando que o meniño e a meniña, pola súa falta de madureza física e mental, necesitan protección e cuidados especiais, mesmo a debida protección legal, tanto antes como despois do nacemento,

Considerando que a necesidade desa protección especial ten sido enunciada na Declaración de Xenebra do 1924 sobre os Dereitos do Meniño e a Meniña e recoñecida na Declaración Universal de Dereitos Humanos e nos convenios constitutivos dos organismos especializados e das organizacións internacionais que se interesan no benestar do meniño e a meniña,

Considerando que a humanidade debe ao meniño e á meniña o mellor que pode darlles, A Asemblea Xeral,

Proclama a presente Declaración dos Dereitos do Meniño e da Meniña a fin de que estes poidan ter unha infancia feliz e gozaren, no seu propio ben e en ben da sociedade, dos dereitos e liberdades que nela se enuncian e insta aos pais, aos homes e mulleres individualmente e ás organizacións particulares, autoridades locais e gobernos nacionais a que recoñezan eses dereitos e loiten pola súa observancia con medidas lexislativas e doutra índole adoptadas progresivamente en conformidade cos seguintes principios:

### **Principio 1**

O meniño e a meniña desfrutarán de todos os dereitos enunciados nesta Declaración. Estes dereitos serán recoñecidos a todos os meniños e meniñas sen excepción algunha nin distinción ou discriminación por motivos de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinións políticas ou doutra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou outra condición, xa for do propio meniño ou meniña ou da súa familia.

### **Principio 2**

O meniño e a meniña gozarán dunha protección especial e disporán de oportunidades e servizos, dispensado todo iso pola lei e por outros medios, para que poidan desenvolverse física, mental, moral, espiritual e socialmente en forma saudable e normal, así como en condicións de liberdade e dignidade. Ao promulgaren leis con este fin, a consideración fundamental a que se atenderá será o interese superior do meniño e a meniña.

### **Principio 3**

O meniño e a meniña teñen dereito desde o seu nacemento a un nome e a unha nacionalidade.

### **Principio 4**

O meniño e a meniña deben gozar dos beneficios da seguridade social. Terán dereito a crecer e se desenvolveren en boa saúde; con este fin deberán proporcionarse, tanto a eles como a súas nais, coidados especiais, mesmo atención prenatal e posnatal. O meniño e a meniña terán dereito a desfrutar de alimentación, vivenda, recreo e servizos médicos adecuados.

### **Principio 5**

O meniño e a meniña física ou mentalmente impedidos ou que sufran algún impedimento social deben recibir o tratamento, a educación e os coidados especiais que require o seu caso particular.

### **Principio 6**

O meniño e a meniña, para o pleno e harmonioso desenvolvemento da súa personalidade, necesitan amor e comprensión. Sempre que for posible, deberán crecer ao amparo e baixo a responsabilidade de seus pais e, en todo caso, nun ambiente de afecto e de seguridade moral e material; agás circunstancias excepcionais, non deberán afastarse ao meniño e meniña de curta idade de súa nai. A sociedade e as autoridades públicas terán a obrigaón de coidaren especialmente aos meniños e meniñas sen familia ou que careceren de medios adecuados de subsistencia. Para o mantemento dos fillos de familias numerosas convén conceder subsidios estatais ou doutra índole.

### **Principio 7**

O meniño e a meniña teñen dereito a recibir educación, que será gratuíta e obrigatoria polo menos nas etapas elementais. Daráselles unha educación que favoreza a súa cultura xeral e lles permita, en condicións de igualdade de oportunidades, desenvolveren as súas aptitudes e o seu xuízo individual, o seu sentido de responsabilidade moral e social, e chegaren a ser membros útiles da sociedade.

O interese superior do meniño e a meniña debe ser o principio rector de quen teñen a responsabilidade da súa educación e orientación; a dita responsabilidade incumbe, en primeiro termo, a seus pais.

O meniño e a meniña deben desfrutar plenamente de xogos e recreacións, os cales deben estar orientados cara aos fins perseguidos pola educación; a sociedade e as autoridades públicas esforzaranse por promoveren o goce deste dereito.

### **Principio 8**

O meniño e a meniña, en todas as circunstancias, deben figurar entre os primeiros que reciban protección e socorro.

### **Principio 9**

O meniño e a meniña deben ser protexidos contra toda forma de abandono, crueldade e explotación. Non serán obxecto de ningún tipo de trata.

Non se deberá permitir ao meniño ou meniña traballar antes dunha idade mínima adecuada; en ningún caso se lles dedicará nin se lles permitirá que se dediquen a ocupación ou emprego algún que poida prexudicar a súa saúde ou a súa educación ou empecer o seu desenvolvemento físico, mental o moral.

### **Principio 10**

O meniño e a meniña deben ser protexidos contra as prácticas que poidan fomentar a discriminación racial, relixiosa ou de calquera outra índole. Deben ser educados nun espírito de comprensión, tolerancia, amizade entre os pobos, paz e fraternidade universal, e con plena conciencia de que debe consagrar as súas enerxías e aptitudes ao servizo dose seus semellantes.